XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Asesoría Xurídica Xeral

XUNTA DE GALI
ASESORÍA XURÍDICA XE
17 ABR. 2012
ENTRADA Nº
SAIDA Nº 1762

Remito informe sobre o anteproxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Dietistas Nutricionistas de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2012

A letrada da Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
ASESORÍA XURÍDICA

Asdo.: Carmen Bouso Montero

17 ABR. 2012
ENTRADA Nº 3151

SRA. SECRETARIA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA

INFORME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO PROFESIONAL DE DIETISTAS NUTRICIONISTAS DE GALICIA

I.- ANTECEDENTES

A solicitude da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, emítese por esta Asesoría Xurídica Xeral o informe sobre o anteproxecto de lei de referencia.

Coa solicitude de informe xúntase o borrador de texto articulado do anteproxecto, solicitude de creación do colexio profesional de que se trata, publicación da presentación da solicitude no Diario Oficial de Galicia e Memoria Xustificativa.

II.- PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN

O procedemento de elaboración deste proxecto debe axustarse ao disposto nos artigos 6,8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia aprobado por Decreto 111/1984, do 25 de maio, e modificado polo Decreto 57/ 1994, do 25 de marzo.

Como sinala o artigo 6 do Regulamento de Réxime Interior:

> "1º A elaboración das disposicións de carácter xeral e de anteproxectos da Lei iniciarase polo Centro directivo correspondente, cos estudos e informes previos que garantan a legalidade, acerto e oportunidade de aqueles.
>
> *2º No oportuno expediente de elaboración conservaranse, xunto coa moción, providencia ou proposta de quen teña a iniciativa, da disposición de que se trate, os ditámenes e as consultas evacuados, as observacións e emendas que se formulen e cuantos datos e documentos teñan interese para coñecer o proceso de elaboración da mesma ou poidan facilitar a súa interpretación.*
>
> *3º Non poderá formularse ningunha proposta de nova disposición sen acompañar ao proxecto a táboa de vixencias de disposicións anteriores sobre a mesma materia e sen que na nova disposición se consignen expresamente as anteriores que quedarán total ou parcialmente derrogadas."*

Conforme o artigo 8 do citado Decreto:

> *"Os anteproxectos de Lei sometidos á Xunta de Galicia irán acompañados dunha exposición de motivos na que se expresarán sucintamente os que houbesen dado orixe a súa elaboración e a finalidade perseguida pola norma. Figurarán como anexos, cando proceda, a relación de disposicións derrogadas ou modificadas e o correspondente estudo económico e financeiro."*

Ademais, e conforme á Lei 6/1995, do 28 de xuño, reguladora do Consello Económico e Social de Galicia e conforme á Lei 7/2004, do 16 de xullo da igualdade do home e da Muller, son igualmente preceptivos os ditames daquel consello respecto dos anteproxectos de lei que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, así como o do Servizo Galego da Igualdade do Home e da Muller sobre o Impacto de Xénero.

En todo caso, sinalàr que conforme ao Regulamento desta Asesoría Xurídica Xeral, á petición de informe a este Centro Directivo xuntaráselle unha relación dos antecedentes de feito e a documentación completa que sobre a cuestión formulada conste no respectivo departamento e sexa precisa para a súa emisión.

Termos que tratándose dunha disposición de carácter normativo fan referencia loxicamente á documentación na que se plasman os trámites preceptivos establecidos nas normas arriba sinaladas. En todo caso, faise referencia aos informes e estudios que garantan a legalidade, acerto e oportunidade da disposición.

Manifestar que neste caso achégase a denominada Memoria xustificativa.

Respecto da mesma, sinalar que a Memoria Xustificativa dos Anteproxectos legais constitúen un dos documentos máis importantes no proceso de elaboración dun proxecto de lei co que se trata de xustificar a nova norma considerando e razoando todos os aspectos relevantes da mesma, empezando pola propia necesidade e oportunidade, a súa viabilidade, a adecuación da fórmula elixida ao ordenamento xurídico e as disposicións que se verán afectadas.

III.- OBSERVACIONS DE CARACTER XERAL

Como na exposición de motivos do anteproxecto se sinala, estamos ante a creación dun colexio profesional conforme ó artigo 11 da Lei 11/ 2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais.

A Constitución Española prevé no seu **artigo 36** que a lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos colexios profesionais e no seu artigo **149.1.18** reserva ao Estado a competencia sobre as bases do réxime xurídico das administracions públicas.

A lexislación básica estatal nesta materia, ata o momento, está recollida na Lei 2/1974, de Colexios Profesionais, modificada polas Leis 74/1978, de 26 de decembro; 12/1983, de 14 de outubro, do Proceso Autonómico; 7/1997, de 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia de solo y de Colexios Profesionais; Reais Decretos Leis 6/1999, de 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización de incremento da competencia, e 6/2000, de 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos. A máis recente modificación foi operada pola Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptaclón á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo (Lei "ómnibus"). En particular, o artigo 5. Cinco desta última lei deu unha nova redacción ao artigo 3 da Lei de Colexios Profesionais, relativo á "colexiación".

O réxime xurídico que resulta da lei estatal de colexios profesionais é o que segue:

"Artículo 1. [Naturaleza jurídica, capacidad y fines de los colegios profesionales . Ambito de aplicación de la ley]

Los Colegios Profesionales son Corporaciones de Derecho público, amparadas por la Ley y reconocidas por el Estado, con personalidad jurídica propia y plena capacidad para el cumplimiento de sus fines.

3. Son fines esenciales de estas Corporaciones la ordenación del ejercicio de las profesiones, la representación institucional exclusiva de las mismas cuando estén sujetas a colegiación obligatoria, la defensa de los intereses profesionales de los colegiados y la protección de los intereses de los consumidores y usuarios de los servicios de sus colegiados, todo ello sin perjuicio de la competencia de la Administración Pública por razón de la relación funcionarial.

Artículo 2. [Garantía del ejercicio de las profesiones colegiadas. Competencia de los consejos generales o de los colegios de ámbito nacional. Acuerdos, decisiones y recomendaciones de los colegios profesionales y límites]

1. El Estado y las Comunidades Autónomas, en el ámbito de sus respectivas competencias, garantizan el ejercicio de las profesiones colegiadas de conformidad con lo dispuesto en la leyes.

El ejercicio de las profesiones colegiadas se realizará en régimen de libre competencia y estará sujeto, en cuanto a la oferta de servicios y fijación de su remuneración, a la Ley sobre Defensa de la Competencia y a la Ley sobre Competencia Desleal. Los demás aspectos del ejercicio profesional continuarán rigiéndose por la legislación general y específica sobre la ordenación sustantiva propia de cada profesión aplicable.

2. Los Consejos Generales y, en su caso, los Colegios de ámbito nacional informarán preceptivamente los proyectos de ley o de disposiciones de cualquier rango que se refieran a las condiciones generales de las funciones profesionales , entre las que figurarán el ámbito, los títulos oficiales requeridos, el régimen de incompatibilidades con otras profesiones y el de honorarios cuando se rijan por tarifas o aranceles.

3. Los Colegios Profesionales se relacionarán con la Administración a través del Departamento ministerial competente.

4. Los acuerdos, decisiones y recomendaciones de los Colegios observarán los límites de la Ley 15/2007, de 3 de julio (RCL 2007, 1302) , de Defensa de la Competencia.

5. En todo caso, los requisitos que obliguen a ejercer de forma exclusiva una profesión o que limiten el ejercicio conjunto de dos o más profesiones, serán sólo los que se establezcan por ley.

Los Estatutos de los Colegios , o los códigos deontológicos que en su caso aprueben los Colegios , podrán contemplar previsiones expresas dirigidas a exigir a los profesionales colegiados que su conducta en materia de comunicaciones comerciales sea ajustada a lo dispuesto en la ley , con la finalidad de salvaguardar la independencia e integridad de la profesión, así como, en su caso, el secreto profesional .

6. El ejercicio profesional en forma societaria se regirá por lo previsto en las leyes . En ningún caso los colegios profesionales ni sus organizaciones colegiales podrán, por sí mismos o través de sus estatutos o el resto de la normativa colegial, establecer restricciònes al ejercicio profesional en forma societaria.

Artículo 3. Colegiación

1. Quien ostente la titulación requerida y reúna las condiciones señaladas estatutariamente tendrá derecho a ser admitido en el Colegio Profesional que corresponda.

2. <u>Será requisito indispensable para el ejercicio de las profesiones hallarse incorporado al Colegio Profesional correspondiente cuando así lo establezca una ley estatal.</u> La cuota de inscripción o colegiación no podrá superar en ningún caso los costes asociados a la tramitación de la inscripción. Los Colegios dispondrán los medios necesarios para que los solicitantes puedan tramitar su colegiación por vía telemática, de acuerdo con lo previsto en el artículo 10 de esta Ley .

3. Cuando una profesión se organice por colegios territoriales, bastará la incorporación a uno solo de ellos, que será el del domicilio profesional único o principal, para ejercer en todo el territorio español. A estos efectos, cuando en una profesión sólo existan colegios profesionales en algunas Comunidades Autónomas, los profesionales se regirán por la legislación del lugar donde tengan establecido su domicilio profesional único o principal, lo que bastará para ejercer en todo el territorio español.

Los Colegios no podrán exigir a los profesionales que ejerzan en un territorio diferente al de colegiación comunicación ni habilitación alguna ni el pago de contraprestaciones económicas distintas de aquellas que exijan habitualmente a sus colegiados por la prestación de los servicios de los que sean beneficiarios y que no se encuentren cubiertos por la cuota colegial.

En los supuestos de ejercicio profesional en territorio distinto al de colegiación, a los efectos de ejercer las competencias de ordenación y potestad disciplinaria que corresponden al Colegio del territorio en el que se ejerza la actividad profesional , en beneficio de los consumidores y usuarios, los Colegios deberán utilizar los oportunos mecanismos de comunicación y los sistemas de cooperación administrativa entre autoridades competentes previstos en la Ley 17/2009, de 23 de noviembre (RCL 2009, 2256) , sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio. Las sanciones impuestas, en su caso, por el Colegio del territorio en el que se ejerza la actividad profesional surtirán efectos en todo el territorio español.

4. En el caso de desplazamiento temporal de un profesional de otro Estado miembro de la Unión Europea, se estará a lo dispuesto en la normativa vigente en aplicación del Derecho comunitario relativa al reconocimiento de cualificaciones.

Artículo 4. [Creación, fusión, absorción, segregación, denominación y disolución de los Colegios Profesionales]

1. La creación de Colegios Profesionales <u>se hará mediante ley</u> , a petición de los profesionales interesados y sin perjuicio de lo que se dice en el párrafo siguiente.

2. La fusión, absorción, segregación, cambio de denominación y disolución de los Colegios Profesionales de la misma profesión será promovida por los propios Colegios, de acuerdo con lo dispuesto en los respectivos estatutos, y requerirá la aprobación por decreto, previa audiencia de los demás Colegios afectados.

> *3. Dentro del ámbito territorial que venga señalado a cada Colegio no podrá constituirse otro de la misma profesión.*
>
> *4. Cuando estén constituidos varios Colegios de la misma profesión de ámbito inferior al nacional existirá un Consejo General cuya naturaleza y funciones se precisan en el artículo noveno.*
>
> *5. No podrá otorgarse a un Colegio denominación coincidente o similar a la de otros anteriormente existentes o que no responda a la titulación poseída por sus componentes o sea susceptible de inducir a error en cuanto a quiénes sean los profesionales integrados en el Colegio.*
>
> *6. Los Colegios adquirirán personalidad jurídica desde que, creados en la forma prevista en esta Ley, se constituyan sus órganos de gobierno."*

A dita Lei na súa disposición transitoria cuarta ("vigencia de las obligaciones de colegiación") da Lei 25/2009 establece o siguiente:

> *"En el plazo máximo de doce meses desde la entrada en vigor de esta Ley, el Gobierno, previa consulta a las Comunidades Autónomas, remitirá a las Cortes Generales un proyecto de Ley que determine las profesiones para cuyo ejercicio es obligatoria la colegiación. Dicho proyecto deberá prever la continuidad de la obligación de colegiación en aquellos casos y supuestos de ejercicio en que se fundamente como instrumento eficiente de control del ejercicio profesional para la mejor defensa de los destinatarios de los servicios y en aquellas actividades en que puedan verse afectadas, de manera grave y directa, materias de especial interés público, como pueden ser la protección de la salud y de la integridad física o de la seguridad personal o jurídica de las personas físicas. Hasta la entrada en vigor de la mencionada Ley se mantendrán las obligaciones de colegiación vigentes".*

Pola súa parte, o **Estatuto de Autonomía de Galicia** establece a competencia exclusiva en materia de confrarías de pescadores, cámaras da propiedade, agrarias, de comercio, industria e navegación e outras de natureza equivalente,sen perxuicio do que dispón o artigo 149 da Constitución , precepto que se ben non fai referencia expresa aos colexios profesinais, foi completado pola Lei Orgánica 16/1995, do 27 de decembro, que no seu artigo 3 transfire á Comunidade Autónoma galega no marco da lexislación básica do Estado o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

En uso desas competencias promulgóuse a Lei 11/ 2001, do 18 de septembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa aos servizos no mercado interior que no seu artigo 11 sinala que:

"1. No ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, a creación de colexios profesionais farase por lei do Parlamento galego.

2. Cando o exercicio da iniciativa lexislativa sexa do Consello da Xunta de Galicia, o correspondente anteproxecto de lei de creación farase por petición dos profesionais interesados e logo da apreciación por parte do Goberno autonómico do interese público concorrente na creación do colexio.

3. Unicamente poderá crearse un novo colexio profesional respecto daquelas profesións para o exercicio das que se esixa estar en posesión dun título académico oficial, e tamén respecto daquelas actividades profesionais nas que o seu exercicio estea condicionado á posesión dun título oficial que acredite a cualificación e habilite legalmente para o seu exercicio".

Pola súa parte, o artigo 2 da dita Lei foi recorrido de inconstitucionalidade polo Estado aínda que está levantada a suspensión de vixencia e aplicación polo Auto do TC 42/2011 do 12 abril. Establece o dito artigo:

"1. La Comunidad Autónoma de Galicia, en el ámbito de su competencia, garantiza el ejercicio de las profesiones colegiadas de conformidad con lo dispuesto en las leyes. Se entiende por profesión colegiada aquella en la cual se requiere la colegiación para su ejercicio.

2. El ejercicio de las profesiones colegiadas se realizará en régimen de libre competencia y estará sujeto, en cuanto a la oferta de servicios y fijación de su remuneración, a las normas de transposición de la Directiva 2006/123/CE, de 12 de diciembre de 2006, relativa a los servicios en el mercado interior, a la legislación sobre defensa de la competencia y a la legislación sobre la competencia desleal. Los demás aspectos del ejercicio profesional continuarán rigiéndose por la legislación general y específica sobre la ordenación sustantiva propia de cada profesión aplicable.

En todo caso, los requisitos que obliguen a ejercer de forma exclusiva una profesión o limiten el ejercicio conjunto de dos o más profesiones, así como las restricciones a las comunicaciones comerciales en las profesiones colegiadas, serán sólo los que se establezcan expresamente por ley.

3. Es requisito para el ejercicio de las profesiones con obligación legal de colegiación estar inscrito en el colegio correspondiente. La cuota de inscripción o colegiación no podrá, en caso alguno, superar los costes asociados a la tramitación de la inscripción. Los colegios dispondrán los medios necesarios para que los solicitantes puedan tramitar su colegiación por vía telemática.

4. Cuando una profesión se organice por colegios territoriales, bastará la incorporación a uno solo de los mismos, que será el del domicilio profesional único o principal.

En caso de desplazamiento temporal de un profesional de la Unión Europea se precisará, para ejercer en cualquier parte de Galicia, de una comunicación previa al colegio profesional gallego, sin perjuicio de lo que establezcan la legislación estatal y la normativa vigente en aplicación del derecho comunitario, en particular la relativa al reconocimiento de cualificaciones.

5. Para el ejercicio efectivo de la función de control de la actividad de los colegiados, en beneficio de los consumidores, los colegios adoptarán los sistemas de cooperación administrativa entre autoridades competentes previstos en la Ley 17/2009, de 23 de noviembre, sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio.

En el marco de este sistema de cooperación, los colegios no podrán exigir a los profesionales que ejerzan en un territorio diferente al de colegiación comunicación ni habilitación alguna, ni el pago de contraprestaciones económicas distintas de aquellas que

exijan habitualmente a sus colegiados por la prestación de los servicios de que sean beneficiarios y que no se hallen cubiertos por la cuota colegial.

6. Toda persona que esté en posesión de la titulación adecuada y reúna los requisitos establecidos por los correspondientes estatutos tendrá derecho a ser admitida en el colegio profesional correspondiente."

Con base na lexislación que ten sido transcrita, debe sinalarse que se ben o Estado regula que só por lei estatal se pode establecer a esixencia de integración forzosa nun Colexio Profesional como condición para o exercizo de determinadas profesións, e así vimos que se recolle no artigo 3.2 da Lei 2/1974, o certo é que non cabe afirmar que este anteproxecto de lei contradiga o dito precepto básico dado que ningún precepto do anteproxecto establece a integración forzosa no colexio profesional que se crea para exercer a profesión de dietista nutricionista.

IV.- OBSERVACIONS DE CARÁCTER PARTICULAR

No que toca á análise da concorrencia dos requisitos que lexitiman a súa creación conforme a lei que lle sirve de fundamento e conforme a xurisprudencia do Tribunal Constitucional na materia, son tres os requisitos de inexcusable concorrencia que lexitiman a creación dun colexio profesional:

- En primeiro lugar, que a creación do colexio respectivo teña lugar mediante norma con rango de lei.

Neste sentido, este anteproxecto na medida en que supón o exercicio da iniciativa lexislativa do Goberno galego mediante a súa aprobación como proxecto de lei, garantirá a intervención do lexislador e se adecúa así as previsións da Constitución que esixe unha decisión daquel sobre os colexios que teñan que crearse pero que non impón unha única e específica Lei (STC 386/1993).

- En segundo lugar, que se trate de profesións ou actividades profesionais condicionadas á posesión dun título oficial.

Dende esta perspectiva, e como sinala a exposición de motivos do anteproxecto, a Lei 44/2003, do 21 de novembro de Ordenación das Profesións Sanitarias, en relación coas profesións sanitarias tituladas, dispón no seu artigo 2.1 que son profesións sanitarias, tituladas e reguladas, aquelas cuxa formación pregraduada ou especializada se dirixe específica e fundamentalmente a dotar os interesados dos coñecementos, habilidades e atitudes propias da atención da saúde e que están organizadas en colexios profesionais oficialmente recoñecidos polos poderes

públicos, de acordo co previsto na normativa especificamente aplicable. En concreto, o apartado 2.b do mesmo precepto inclúe expresamente entre as profesións sanitarias de nivel Diplomado á profesión para cuxo exercizo habilita o título de Diplomado en Nutrición Humana e Dietética.

Pola súa parte, o artigo 7.2.g da dita Lei 44/2003 establece que son funcións dos diplomados universitarios en Nutrición Humana e Dietética, o desenvolvemento de actividades orientadas á alimentación da persoa ou de grupos de persoas, adecuadas ás necesidades fisiolóxicas e, de ser o caso, patolóxicas das mesmas, e de acordo cos principios de prevención e saúde pública.

En terceiro lugar, é requisito imprescindible que exista un interese público que concorra na creación do colexio.

Como sinala a Memoria Xustificativa do anteproxecto, a creación do colexio resulta de interese público por estar as funcións dos profesionais afectados relacionadas co principio constitucional da protección da saúde pública, recoñecido no artigo 43 de la Carta Magna, dada a contribución eficaz que realizan os titulados universitarios en Nutrición Humana e Dietética á prevención, tratamento ou curación de enfermedades, beneficiando a saúde individual e colectiva e exercendo un papel clave na prevención das enfermedades crónicas máis prevalentes. O que permite, así mesmo, dotar a un colectivo de profesionais dunha organización adecuada, capaz de velar e defender os seus dereitos e intereses, ordeando o exercizo da profesión e facendo respectar, no seu desenvolvemento da actividade, a deontoloxía profesional, o call redundará na garantía do dito principio.

IV. OBSERVACIONS O ARTICULADO

Logo de examinar o anteproxecto de que se trata, este é o noso informe que sometemos a calquera outro mellor fundado en dereito.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2012
A letrada da Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
ASESORÍA XURÍDICA

Carmen Bouso Montero

ANEXO:

ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE DIETISTAS - NUTRICIONAISTAS DE GALICIA.

PREÁMBULO

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da Constitución Española, a Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de transferencias de competencias á comunidade autónoma galega, transfire no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fixose efectiva a través do Real Decreto 1643/1996, do 5 de xullo e asumiuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia ditou en virtude da devandita competencia a Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 11 a creación de colexios profesionais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, farase por lei do Parlamento galego.

Ao amparo desta normativa os representantes da Asociación Galega de Dietistas e Nutricionistas, presentaron solicitude de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

O Real Decreto 443/1998, de 20 de marzo , establece o título universitario oficial de Diplomado en Nutrición Humana e Dietética, que terá carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, e establece as directrices xerais dos plan de estudo, que deberán proporcionar unha formación adecuada nas bases teóricas e nas técnicas de elaboración dos réximes alimenticios adecuados á nutrición humana.

A Orde CIN/730/2009, de 18 de marzo establece os requisitos para a verificación dos títulos universitario oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Dietista-Nutricionista

A Lei 44/2003, de 21 de novembro de ordenación das profesións sanitarias, en relación coas profesións sanitarias tituladas, establece no artigo 2 establece que son profesións sanitarias tituladas e reguladas, aquelas cuxa formación pregraduada ou especializada se dirixe especifica e fundamentalmente a dotar aos interesados dos coñecementos, habilidades e actitudes propias da atención da saúde, e que están organizadas en colexios profesionais oficialmente recoñecidos polos poderes públicos de acordo co previsto na normativa específica aplicable, e inclúe expresamente entre as profesións sanitarias de nivel diplomado, a profesión de Dietista Nutricionista, para cuxo exercicio habilita o título de Diplomado en Nutrición Humana e Dietética.

A mesma Lei no artigo 7.2.g) establece como funcións dos Dietistas-Nutricionistas, o desenvolvemento de actividades orientadas á alimentación da persoa ou de grupos de persoas, adecuadas ás necesidades fisiolóxicas, e, no seu caso, patolóxicas das mesmas, e de acordo cos principios de prevención e saúde pública.

A importancia da actividade dos profesionais da dietética e a nutrición humana, pola súa vinculación con valores constitucionalmente recoñecidos como a saúde das persoas e a calidade de vida, a repercusión social nos hábitos da educación alimentaria e na promoción de hábitos de nutrición saudables, xustifica o interese público concurrente para a creación do Colexio Oficial de Dietistas e Nuticionistas, como organización capaz de velar pola defensa dos intereses das persoas colexiadas e polos intereses da cidadanía.

Coa creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, garántese a adecuación, no exercicio da profesión, ás normas e regras que aseguren a protección dos dereitos e intereses dos cidadáns, así como as eventuais responsabilidades nas que poidan incorrer ditos profesionais no desenvolvemento da súa actividade.

Polo exposto, e considerando que existen razóns de interese público que xustifican a necesidade e oportunidade de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, procédese mediante a presente Lei á creación do dito colexio.

A lei consta dun preámbulo, tres artigos titulados respectivamente: obxecto, ámbito territorial, ámbito persoal, dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

Artigo 1º.- Obxecto.

Créase o Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia, como corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia, e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins dende o momento no que se constitúan os seus órganos de goberno.

Artigo 2º.- Ámbito territorial.

O ámbito de actuación do colexio é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.- Ámbito persoal.

1. No Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia poderán integrarse os profesionais que estean en posesión do título universitario oficial de Diplomado ou Graduado en Nutrición Humana e Dietética, obtido de conformidade co disposto no Real Decreto 443/1998, de 20 de marzo, ou título estranxeiro equivalente debidamente homologado.

2. Incorporaranse ao Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia os profesionais titulados cando o seu domicilio profesional único ou principal radique nesta Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 3.2 da Lei 2/1974, de colexios profesionais de 13 de febreiro e as disposicións que desenvolvan a súa aplicación.

Disposición transitoria primeira.

A Asociación Galega de Dietistas e Nutricionistas, designará unha Comisión Xestora, que no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, aprobará uns estatutos provisionais do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia. Nos citados estatutos deberá regularse a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, da que formarán parte todos os/as profesionais que, conforme ó disposto na presente lei, poidan adquirir a condición de colexiados/as.

A convocatoria da asemblea constituínte deberá anunciarse, como mínimo, con vinte días de antelación no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior difusión de Galicia.

Disposición transitoria segunda.

1. A Asemblea Constituínte, no prazo de seis meses dende a aprobación dos estatutos provisionais, elaborará e aprobará os estatutos definitivos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Químicos de Galicia e elixirá ós membros dos órganos colexiais de goberno.

2. Os devanditos estatutos, logo de seren aprobados, xunto coa acta da asemblea constituínte, remitiránselles á consellería competente en materia de colexios profesionais para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación da súa legalidade, aprobación que será competencia do Consello da Xunta de Galicia, publicándose no Diario Oficial de Galicia o decreto aprobatorio e o texto dos estatutos.

Disposición derradeira

Esta Lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.